

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	San Clemente	Santiago de Compostela	2022/2023

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0223	Aplicacións ofimáticas	2022/2023	0	240	0
MP0223_12	Ofimática	2022/2023	0	140	0
MP0223_22	Multimedia	2022/2023	0	100	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ FERNÁNDEZ GÓMEZ, MARCOS VENCE RUIBAL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0223_12) RA1 - Instala e actualiza aplicacións ofimáticas, atendendo ás especificacións dadas en distintos contornos de explotación.
(MP0223_22) RA4 - Ofrece apoio no uso de aplicacións e resolve as incidencias que se presenten.
(MP0223_12) RA5 - Realiza operacións de xestión do correo e a axenda electrónica, atendendo ás necesidades de uso para a súa configuración.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0223_12) CA1.1 Identifícanse e establecéronse as fases do proceso de instalación.
(MP0223_12) CA1.2 Identifícanse os requisitos mínimos e óptimos para o funcionamento da aplicación.
(MP0223_12) CA1.3 Obtívose a información sobre os compoñentes de hardware e de software instalados no equipamento mediante as utilidades do sistema operativo.
(MP0223_12) CA1.4 Respectáronse as especificacións técnicas do proceso de instalación.
(MP0223_12) CA1.5 Configuráronse as aplicacións segundo os criterios establecidos.
(MP0223_12) CA1.6 Solucionáronse problemas na instalación ou na integración co sistema informático.
(MP0223_12) CA1.7 Elimináronse ou engadíronse compoñentes da instalación no equipamento.
(MP0223_12) CA1.8 Actualizáronse as aplicacións.
(MP0223_12) CA1.9 Respectáronse as licenzas de software.
(MP0223_12) CA1.10 Propuxéronse solucións de software para diversos contornos de aplicación.
(MP0223_12) CA1.11 Documentáronse as incidencias.
(MP0223_22) CA4.1 Elaboráronse guías visuais cos conceptos básicos de uso dunha aplicación.
(MP0223_22) CA4.2 Identifícanse problemas relacionados co uso de aplicacións ofimáticas.
(MP0223_22) CA4.3 Utilizáronse manuais de usuario para instruír no uso de aplicacións.
(MP0223_22) CA4.4 Aplicáronse técnicas de asesoramento no uso de aplicacións.
(MP0223_22) CA4.5 Realizáronse informes de incidencias.
(MP0223_22) CA4.6 Aplicáronse os procedementos necesarios para salvagardar a información e a súa recuperación.
(MP0223_22) CA4.7 Utilizáronse os recursos dispoñibles para arranxar incidencias (documentación técnica, axudas en liña, soporte técnico, etc.).
(MP0223_22) CA4.8 Arranxáronse as incidencias no tempo adecuado e co nivel de calidade esperado.

Criterios de avaliación do currículo
(MP0223_12) CA5.1 Descríbóronse os elementos que compoñen un correo electrónico.
(MP0223_12) CA5.2 Analizáronse as necesidades básicas de xestión de correo e axenda electrónica.
(MP0223_12) CA5.3 Configuráronse contas de correo electrónico de diversos tipos.
(MP0223_12) CA5.4 Conectáronse e sincronizáronse axendas do equipamento informático con dispositivos móbiles.
(MP0223_12) CA5.5 Operouse co caderno de enderezos.
(MP0223_12) CA5.6 Traballouse con opcións de xestión de correo electrónico (etiquetas, filtros, cartafolios, etc.).
(MP0223_12) CA5.7 Utilizáronse opcións de axenda electrónica.

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0223_22) RA1 - Manipula imaxes dixitais aplicando técnicas básicas de captura e de edición.
(MP0223_12) RA2 - Elabora documentos e patróns aplicando as opcións avanzadas de procesadores de textos.
(MP0223_22) RA2 - Manipula secuencias de vídeo aplicando técnicas de captura e de edición básicas.
(MP0223_12) RA3 - Elabora documentos e patróns aplicando opcións avanzadas de follas de cálculo.
(MP0223_22) RA3 - Elabora presentacións multimedia aplicando normas básicas de composición e deseño.
(MP0223_12) RA4 - Elabora documentos con bases de datos ofimáticas aplicando operacións de manipulación de datos.

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0223_22) CA1.1 Analizáronse os formatos de imaxes.
(MP0223_22) CA1.2 Recoñeceuse a necesidade dos formatos de compresión con perdas.
(MP0223_22) CA1.3 Realizáronse capturas de pantallas.
(MP0223_22) CA1.4 Realizouse a adquisición de imaxes con periféricos.
(MP0223_22) CA1.5 Traballouse con imaxes a varias resolucións, segundo a súa finalidade.
(MP0223_22) CA1.6 Analizáronse aplicacións de edición de imaxes.
(MP0223_22) CA1.7 Empregáronse ferramentas de edición de imaxe dixital.
(MP0223_22) CA1.8 Importáronse e exportáronse imaxes en diversos formatos.

**Criterios de avaliación do currículo**

(MP0223\_12) CA2.1 Personalizáronse as opcións do procesador de textos e da barra de ferramentas.

(MP0223\_22) CA2.1 Recoñecéronse os elementos que compoñen unha secuencia de vídeo.

(MP0223\_12) CA2.2 Utilizáronse aplicacións e periféricos para introducir textos e imaxes.

(MP0223\_22) CA2.2 Identificáronse os tipos de formatos e codecs máis empregados.

(MP0223\_12) CA2.3 Importáronse e exportáronse documentos creados con outras aplicacións e noutros formatos.

(MP0223\_22) CA2.3 Instaláronse codecs no sistema e configuráronse para o seu uso.

(MP0223\_12) CA2.4 Deseñáronse patróns.

(MP0223\_22) CA2.4 Analizáronse as posibilidades de diversas aplicacións específicas.

(MP0223\_12) CA2.5 Creáronse e utilizáronse macros na realización de documentos.

(MP0223\_22) CA2.5 Importáronse e exportáronse secuencias de vídeo.

(MP0223\_12) CA2.6 Utilizouse a combinación de correspondencia para o envío masivo de correo.

(MP0223\_22) CA2.6 Importáronse pistas de audio e sincronizáronse coas secuencias de vídeo.

(MP0223\_12) CA2.7 Elaboráronse manuais específicos.

(MP0223\_22) CA2.7 Aplicáronse transicións e efectos sinxelos.

(MP0223\_22) CA2.8 Realizáronse conversións de formato en secuencias de audio e vídeo.

(MP0223\_22) CA2.9 Tráballouse con distintos formatos e diferentes taxas de compresión, en función da finalidade especificada.

(MP0223\_22) CA2.10 Realizáronse capturas de secuencias da pantalla utilizando aplicacións específicas.

(MP0223\_22) CA2.11 Capturáronse secuencias de vídeo cos recursos axeitados.

(MP0223\_22) CA2.12 Elaboráronse vídeos tutoriais.

(MP0223\_12) CA3.1 Personalizáronse as opcións da folla de cálculo e da barra de ferramentas.

(MP0223\_22) CA3.1 Identificáronse as opcións básicas das aplicacións de presentacións.

(MP0223\_12) CA3.2 Utilizáronse aplicacións e periféricos para introducir textos, números, códigos e imaxes.

(MP0223\_22) CA3.2 Recoñecéronse os tipos de vista asociados a unha presentación.

(MP0223\_12) CA3.3 Utilizáronse os tipos de datos e referencias para celas, rangos, follas e libros.

(MP0223\_22) CA3.3 Aplicouse e recoñeceuse a tipografía e as normas básicas de composición, deseño e uso da cor.

(MP0223\_12) CA3.4 Aplicáronse fórmulas e funcións.

(MP0223\_22) CA3.4 Creáronse presentacións.

**Criterios de avaliación do currículo**

(MP0223\_12) CA3.5 Xeráronse e modificáronse gráficos de diversos tipos.

(MP0223\_22) CA3.5 Deseñáronse patróns de presentacións.

(MP0223\_12) CA3.6 Empregáronse macros para a realización de documentos e patróns.

(MP0223\_22) CA3.6 Utilizáronse periféricos para executar presentacións.

(MP0223\_12) CA3.7 Importáronse e exportáronse follas de cálculo creadas con outras aplicacións e noutros formatos.

(MP0223\_12) CA3.8 Utilizouse a folia de cálculo como base de datos: creación de listas, filtraxe, protección e ordenación de datos.

(MP0223\_12) CA3.9 Creáronse informes de táboas e gráficos dinámicas.

(MP0223\_12) CA4.1 Identificáronse os elementos das bases de datos relacionais.

(MP0223\_12) CA4.2 Creáronse bases de datos ofimáticas: táboas e relacións entre estas.

(MP0223\_12) CA4.3 Utilizáronse as táboas da base de datos (para inserir, modificar e eliminar rexistros).

(MP0223\_12) CA4.4 Utilizáronse asistentes na creación de consultas, formularios e informes.

(MP0223\_12) CA4.5 Realizouse procura e filtraxe sobre a información almacenada.

(MP0223\_12) CA4.6 Creáronse e utilizáronse macros.

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Os Resultados de Aprendizaxe e criterios de avaliación mínimos por unidades formativas son:

UF 1:

-RA1: CAs 1.5, 1.6, 1.7, 1.8 e 1.9.

-RA2: Todos excepto CA 2.5.

-RA3: Todos excepto CA 3.6.

-RA4: Todos excepto CA 4.6.

-RA5: Todos excepto CA 5.4 e 5.7.

UF 2:

-RA1: Todos.

-RA2: Todos.

-RA3: Todos.

-RA4: CAs 4.1, 4.7, 4.8 e 4.9.

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe de cada módulo profesional levarase a cabo a través da realización das dúas partes da

proba, formadas por sete enunciados en total:

- Primeira parte. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación. Será cualificada de cero a dez puntos. Para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.
- Segunda parte. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de seis supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación. Cada suposto será cualificado de cero a dez puntos. Para a superación de cada un deles, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.
- É necesario aprobar todos e cada un dos sete enunciados para superar o módulo.

A cualificación final da proba será calculada como a suma das puntuacións obtidas en cada un dos enunciados:

- 1 punto correspondente á primeira parte.
- 1'5 puntos por cada enunciado da segunda parte.

A nota final é expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero na segunda parte.

As persoas que suspendan a segunda parte da proba, obterán un máximo de catro puntos.

#### **4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento**

##### **4.a) Primeira parte da proba**

Realización dun exercicio tipo test sobre os RAs indicados anteriormente.

Duración máxima: 30 minutos.

É preciso obter un mínimo de 5 puntos sobre 10 para superar a primeira parte.

Precisase bolígrafo de tinta azul ou negra. Non se permite utilizar líquidos correctores ou bolígrafos de tinta borrable.

Tampouco se permite o uso do teléfono móbil nin de calquera dispositivo electrónico de comunicacións tendo que estar totalmente apagados.

##### **4.b) Segunda parte da proba**

Realización de seis enunciados diferentes, un sobre cada RA.

Ferramentas que se van utilizar:

- Ofimática: LibreOffice Writer, Calc, Impress e Base.
- Multimedia: Kdenlive e GIMP.
- Sistemas operativos Windows e Linux. VirtualBox.
- Nalgún caso pode ser preciso realizar capturas de pantalla para amosar a solución.

Cada suposto práctico terá unha duración máxima de 45 minutos.

Está prohibida a utilización de dispositivos de almacenamento externos, teléfonos móbiles e calquera dispositivo electrónico de comunicacións, tendo que estar totalmente apagados.

Realización de seis enunciados diferentes, un sobre cada RA.

Ferramentas que se van utilizar:

- Ofimática: LibreOffice Writer, Calc, Impress e Base.
- Multimedia: Kdenlive e GIMP.
- Sistemas operativos Windows e Linux. VirtualBox.
- Nalgún caso pode ser preciso realizar capturas de pantalla para amosar a solución.

Cada suposto práctico terá unha duración máxima de 45 minutos.

Está prohibida a utilización de dispositivos de almacenamento externos, teléfonos móbiles e calquera dispositivo electrónico de comunicacións, tendo que estar totalmente apagados.